



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE XANEIRO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1936/2018.- TERRAS DO SAR, S. L.- Conceder licenza para a construción de edificación de nave terciaria sen uso específico na rúa Castela e León, 8 Par cela N4a01c do Polígono da Sionlla.

SEGREGACIÓNS

LIC/618/2019.- CARMEN REY MOSQUERA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregación dunha parcela en lugar de Reboredo, 19.

LIC/397/2019.- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO – CONSELLERÍA DE FACENDA.- Estimar a solicitude presentada para segregar o local 1, finca rexistral 32705 descrita na escritura pertencente ao inmovible sito en rúa Doutor Teixeiro nº 26.

LIC/1090/2019.- GUMERSINDA SUÁREZ SEOANE.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregación previa agrupación en Zanca Vella, Os Vilares – San Caetano.

DESFAVORABLE

LIC/388/2019.- RAMÓN PAMPÍN FERREIRO.- Denegar a licenza para realizar a segregación de parcela V sita en lugar de Bar de Abaixo.

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a construción de edificación de nave terciaria sen uso específico na rúa Castela e León, 8 Parcela N4a01c do Polígono da Sionlla. LIC/1936/2018. Concédese a licenza.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregación dunha parcela no lugar de Reboredo, 19. LIC/618/2019. Acéptase a cesión do viario e concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á estimación da solicitude presentada para segregar o local 1, finca rexistral 32705 descrita na escritura pertencente ao inmovible sito na rúa Doutor Teixeiro nº 26. LIC/397/2019. Estímase a solicitude de segregación.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para segregación previa agrupación en Zanca Vella, Os Vilares - San Caetano. LIC/1090/2019. Acéptase a cesión do viario e concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para realizar a segregación de parcela V sita no lugar de Bar de Abaixo. LIC/388/2019. Denégase a solicitude de segregación.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á prórroga e modificación dos acordos de Comisión Bilateral vixentes relativos ao Plan de Vivenda 2013-2016. Apróbase a solicitude ao IGVS a prórroga dos acordos vixentes relativos ás fases 14ª e 15ª do Casco Histórico, 7ª e 8ª do polígono de Vista Alegre, 4ª e 5ª do barrio de Pontepedriña e 1ª do barrio de Vite, así como a modificación, relativa á ampliación do número de actuacións, das fase 7ª e 8ª do polígono de Vista Alegre (de 80 a 96 e de 48 a 64 actuacións, respectivamente), da 5ª fase do barrio de Pontepedriña (de 24 a 38 actuacións) e da 1ª fase do barrio de Vite (de 24 a 64 actuacións).

7.- Proposta da Alcaldía para designar á concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica e Acción Cultural, como membro do Padroado da Fundación Rosalía de Castro. Apróbase a designación.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á imposición dunha sanción á empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, pola demora na execución da "Obra de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018". Acórdase impoñer á devandita empresa unha sanción de 10.118,40 euros pola demora de 80 días acumulada na execución das obras, facéndose efectiva sobre as correspondentes certificacións pendentes de aboar.

9.- Proposta da Alcaldía relativa á representación e defensa xudicial. Acórdase o persoamento do Concello nun procedemento ordinario perante o Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 interposto por un particular contra resolución da Axencia de Turismo de Galicia pola baixa e cancelación da inscrición dunha vivenda de uso turístico na rúa do Pexigo de Abaixo.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á adxudicación do contrato "Servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago 2019". Adxudícase o devandito contrato á empresa Espina y Delfín, SL, que oferta unha baixa do 22,80% sobre o cadro de prezos unitarios. O gasto, sumando os exercicios 2020 e 2021 será de 1.261.600,04 euros.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Centros, Socioculturais, Barrios e Obras relativa á prórroga do aluguer do lugar para uso sociocultural no barrio de Casas Novas. Acórdase a prórroga do aluguer do local da rúa do Empedrado, 7 para uso sociocultural polo prazo dun ano, a contar dende o 20 de xaneiro de 2020, por un importe anual de 6.171 euros (514,25 euros/mes).